

Consello de Contas  
de Galicia



**INFORME SOBRE CONTAS RENDIDAS  
EN 2013 CORRESPONDENTES AO  
EXERCICIO 2012**



## ÍNDICE

<b>I. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>5</b>
<b>II. A RENDIÇÃO DO PARLAMENTO DE GALICIA.....</b>	<b>5</b>
<b>III. A RENDIÇÃO DE CONTAS DA ADMINISTRAÇÃO XERAL E AS SÚAS ENTIDADES DEPENDENTES .....</b>	<b>6</b>
III.1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTIDADES DE CONSULTA .....	6
III.2. AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS.....	8
III.3. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS .....	9
III.4. CONSORCIOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO .....	10
III.5. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS.....	11
III.6. FUNDACIÓNS PÚBLICAS AUTONÓMICAS.....	12
<b>IV. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS E OS SEUS ENTES DEPENDENTES .....</b>	<b>14</b>
<b>V. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS RESTANTES ENTIDADES .....</b>	<b>15</b>
V.1. CÁMARAS DE COMERCIO .....	15
V.2. CONFRARÍAS DE PESCADORES.....	15
V.3. OUTRAS ENTIDADES .....	18
<b>VI. ANEXO DAS CONTAS RENDIDAS.....</b>	<b>18</b>

**Informe sobre contas rendidas en 2013 correspondentes ao exercicio 2012**

## ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Relación de Organismos Autónomos .....	7
Cadro 2: Relación de Axencias Publicas .....	8
Cadro 3: Relación de Entidades Públicas Empresariais .....	9
Cadro 4: Relación de Consorcios Autonómicos .....	10
Cadro 5: Relación de Sociedades Mercantís Públicas .....	11
Cadro 6: Relación de Fondos que non renderon as súas contas .....	12
Cadro 7: Relación de Fundacións .....	13
Cadro 8: Relación de entes dependentes das Universidades que non renderon contas .....	14
Cadro 9: Relación de Cámaras de Comercio .....	15
Cadro 10: Relación de Confrarías de Pescadores .....	16
Cadro 11: Relación de Confrarías de Pescadores que non renderon as súas contas .....	17

**Informe sobre contas rendidas en 2013 correspondentes ao exercicio 2012**



## I. INTRODUCCIÓN

O Estatuto de Autonomía de Galicia outorga ao Consello de Contas de Galicia as competencias para a fiscalización das contas do sector público da comunidade autónoma. Esta competencia implica a obriga das diferentes entidades que compoñen o referido sector público a render as súas contas a esta institución.

Este informe ten por obxecto a análise da rendición das contas anuais do exercicio 2012 ao Consello de Contas por parte das seguintes entidades sometidas a esta obriga:

1. O Parlamento de Galicia.
2. A Administración xeral e os seus entes dependentes:
  - a) Entidades Públicas Instrumentais:
    - Organismos Autónomos e Entidades de Consulta ou Asesoramento
    - Axencias Públicas Autonómicas
    - Entidades Públicas Empresariais
    - Consortios Autonómicos
  - b) Outras Entidades Instrumentais:
    - Sociedades Mercantís Públicas Autonómicas
    - Fundacións
3. As Universidades Públicas
4. As Cámaras de Comercio, Confrarías de Pescadores e outras de natureza equivalente.

Tamén están sometidos á obriga de rendición anual de contas os entes que integran o sector público local, se ben quedan fóra do ámbito deste informe xa que a análise do cumprimento do deber de render contas inclúese no informe anual sobre o sector público local.

## II. A RENDIÇÃO DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Parlamento de Galicia achegou en novembro de 2013 as súas contas e as do Valedor do Pobo.

### **III. A RENDIÇÃO DE CONTAS DA ADMINISTRAÇÃO XERAL E AS SÚAS ENTIDADES DEPENDENTES**

Segundo a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia a Administración autonómica formará anualmente a Conta Xeral da Comunidade que abranguerá a totalidade das operacións económicas levadas a cabo durante o exercicio pola Administración e os seus entes dependentes. Porén, non todas as entidades controladas pola Administración autonómica integran os seus estados contables na Conta xeral. Deste xeito, a rendición das contas ao Consello fíxose a través de dous medios:

- A Conta xeral rendida por conduto Intervención Xeral antes do 31 de outubro.
- As contas individuais das restantes entidades que son remitidas directamente por estas ao Consello de Contas, sendo o prazo límite de rendición o 30 de xullo.

A Intervención Xeral rendeu en prazo a Conta Xeral do exercicio 2012, que ademais da información relativa á Administración xeral da Comunidade Autónoma inclúe as contas dos seguintes entes dependentes:

a) Entidades Públicas Instrumentais:

1. Organismos Autónomos e Entidades de Consulta ou Asesoramento
2. Axencias Públicas Autonómicas
3. Entidades Públicas Empresariais
4. Consorcios Autonómicos

b) Outras Entidades Instrumentais:

1. Sociedades Mercantís Públicas Autonómicas
2. Fundacións

A maior parte destas entidades renderon as súas contas integradas na Conta Xeral por conduto da Intervención xeral se ben subsisten algunhas entidades que renden as súas contas de xeito directo e individual ao Consello de Contas.

A continuación analízase a rendición de contas das entidades dependentes, agrupadas en función da súa forma xurídica.

#### **III.1. ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTIDADES DE CONSULTA**

Son entidades públicas instrumentais cuxa organización e funcionamento regúlase polo dereito administrativo e que poden exercer actividades de intervención, fomento, xestión de servizos





públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional. As súas contas axústanse ás disposicións do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Como entidades equiparables aos organismos autónomos na súa organización e funcionamento sitúanse as entidades públicas de consulta ou asesoramento. Segundo a disposición adicional sexta da LOFAXGA terán esta consideración aquelas entidades ás que se lles atribúa expresamente por lei independencia funcional ou especial autonomía respecto á Xunta de Galicia. Rexeranse pola súa normativa específica nos aspectos precisos para garantir esa autonomía e polas disposicións relativas aos organismos autónomos nos demais extremos. A pesar de que non se ten aprobado lei posterior á LOFAXGA que recoñeza expresamente ese carácter existen dous organismos que encaixan nesta categoría: Consello Económico e Social e Consello Galego de Relacións Laborais.

No seguinte cadro amósase a relación de organismos autónomos e o seu estado de rendición:

**Cadro 1: Relación de Organismos Autónomos**

ORGANISMOS AUTÓNOMOS E ENTIDADES DE CONSULTA				
Organismo	Integradas na Conta Xeral	Datos da rendición		
		En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Escola Galega de Administración Pública	Si			
Instituto Galego de Estatística	Si			
Servizo Galego de Saúde	Si			
Academia Galega de Seguridade Pública	Si			
Instituto Galego de Consumo	Si			
Consello Galego da Competencia	Si			
Instituto Galego de Vivenda e Solo	Si			
Fondo Galego de Garantía Agraria	Si			
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	Si			
Instituto de Estudos do Territorio	Si			
Consello Económico e Social de Galicia (CES)	Si			
Consello Galego de Relacións Laborais	Si			

O Servizo Galego de Saúde e a Academia Galega de Seguridade Pública de Galicia (AGASP), non achegan os estados financeiros previstos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (PXCPG), limitándose a formular a liquidación dos seus orzamentos.

Con carácter xeral, a memoria dos organismos autónomos non se axusta á estrutura prevista no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia e non inclúe tódolos estados previstos nese documento contable ou ben a información que contén é insuficiente.

### III.2. AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

As axencias son entidades instrumentais de dereito público, personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía na súa xestión que son creadas polo Consello da Xunta para o cumprimento dos programas correspondentes ás políticas públicas que desenvolva a Administración da comunidade autónoma de Galicia no ámbito das súas competencias.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, prodúcese un forte pulo no desenvolvemento das axencias, coa transformación de diversos entes en Axencias e a creación de novos organismos baixo esta tipoloxía xurídica.

**Cadro 2: Relación de Axencias Publicas**

AXENCIAS PÚBLICAS				
Axencia	Integradas na Conta Xeral	Datos da rendición		
		En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Axencia Galega das Industrias Culturais	Si			
Axencia Galega de Innovación	Si			
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	Si			
Axencia Galega de Infraestruturas	Si			
Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC)	Si			
Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)	Si			
Instituto enerxético de Galicia	Si			
Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL)	Si			
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR)	Si			
Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA)	Si			
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)	Si			
Ax. Xest. Integrada, Calidade e Avaliación Formación Profesional				
Axencia de Turismo de Galicia				
Axencia Tributaria de Galicia				

En relación ás axencias que non renden as súas contas cómpre subliñar que a Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación Formación Profesional non tiña actividade en 2012 e a



Axencia Tributaria de Galicia e a Axencia de Turismo de Galicia non iniciaran a súa actividade polo que non procedía a formación de contas.

Respecto ás axencias que renden as contas, seguen o Plan de contabilidade pública de Galicia e obsérvase unha mellora importante nas memorias que xuntan as súas contas anuais.

### III.3. ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

Este apartado abrangue aqueles entes de dereito público con personalidade xurídica propia que son creados por Lei e que realizan actividades tanto administrativas como prestacionais.

Dentro desta categoría podemos incluír tres entidades. En primeiro lugar, Augas de Galicia que era un organismo autónomo administrativo transfórmase en entidade pública empresarial e absorbe o ente público Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos. En segundo lugar, a Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) formula a conversión da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Portos de Galicia, que eran entes públicos, en entidades públicas empresariais.

**Cadro 3: Relación de Entidades Públicas Empresariais**

ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS				
Entidade	Integrada na Conta Xeral	Datos da rendición		
		En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Portos de Galicia	Si			
Compañía de Radio Televisión de Galicia	Si			
Augas de Galicia	Si			

Cómpre poñer de manifesto que a información rendida por estes entes non é homoxénea en canto ao plan aplicado e a estrutura e modelo seguido. Así, mentres a CRTVG suxeita a súa contabilidade á normativa privada, Portos de Galicia aplica o Plan xeral de contabilidade pública de Galicia. Pola súa banda, Augas de Galicia rende unha documentación moi deficiente e non achega información sobre os principais aspectos que deberían figurar na memoria das contas anuais.

### III.4. CONSORCIOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Ata a aprobación da LOFAXGA, practicamente era inexistente a regulación autonómica sobre os consorcios. A LOFAXGA supón a incorporación ao ordenamento xurídico dunha regulación máis detallada. Segundo esta norma, teñen tal consideración aqueles consorcios en que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, directamente ou a través das entidades instrumentais, achegase maioritariamente os medios necesarios para a súa constitución e funcionamento ou nos que se comprometeu, no momento da súa constitución, a financiarlos maioritariamente, sempre que a actuación dos seus órganos de dirección e goberno estea suxeita ao poder de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou dunha das súas entidades instrumentais.

No seguinte cadro amósase o estado de rendición de contas por parte dos consorcios autonómicos:

**Cadro 4: Relación de Consorcios Autonómicos**

CONSORCIOS				
Consortio	Integradas na Conta Xeral	Datos da rendición		
		En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	Si			
Consortio provincial de Pontevedra conta incendios e salvamento	Si			
Consortio provincial da Limia conta incendios e salvamento	Si			
Consortio contra incendios e salvamento comarca de Valdeorras	Si			
Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	Si			
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	Si			
Bibliotecas Universitarias de Galicia	Si			
Consortio provincial de Coruña conta incendios e salvamento	Si			
Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	Si			
Servizo contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín	Non			
Servizo contra Incendios e Salv. das Comarcas Deza, Tabeirós e T. Montes	Non			
Casco Vello de Vigo	Non			
Cidade de Santiago	Non			
Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios	Non			
Audiovisual de Galicia				
Instituto de Estudos Turísticos				
Centro Oncolóxico				
Contra Incendios e Salv. Das comarcas Carballiño e do Ribeiro				
Augas de Valdeorras				

Cómpre poñer de manifesto que algún dos consorcios renden as súas contas a través da plataforma de rendición telemática establecida para as entidades locais.



### III.5. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS

Segundo a LOFAXGA son sociedades mercantís públicas autonómicas aquelas nas que no seu capital sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais regulada pola lei. Ademais suxeítanse ao mesmo réxime xurídico aquelas sociedades mercantís nas que a Comunidade dispoña da maioría dos dereitos de voto ou teña dereito a nomear á maioría dos membros dos órganos de goberno.

No seguinte cadro amósase a relación de sociedades públicas que renden as súas contas integradas na conta xeral e as que non renden contas.

**Cadro 5: Relación de Sociedades Mercantís Públicas**

SOCIEDADES MERCANTIS				
Sociedade	Integradas na Conta Xeral	Datos da rendición		
		En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, S.A. (SODECOGA)	Si			
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (TURGALICIA)	Si			
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital-Risco, S.A. (SODIGA)	Si			
Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. (CEEI)	Si			
Xestión Urbanística de A Coruña (XESTUR CORUÑA)	Si			
Xestión Urbanística de Lugo (XESTUR LUGO)	Si			
Xestión Urbanística de Ourense (XESTUR OURENSE)	Si			
Xestión Urbanística de Pontevedra (XESTUR PONTEVEDRA)	Si			
Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA)	Si			
S.A. de Xestión Centro Supercomputación de Galicia (CESGA)	Si			
Galicia Calidade, S.A.	Si			
S.A de Xestión del Plan Xacobeo (XACOBEO)	Si			
Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. (GALARIA)	Si			
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI)	Si			
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A. (RETEGAL)	Si			
Xenética Fontao, S.A.	Si			
Televisión de Galicia S.A. (TVG)	Si			
Radiotelevisión de Galicia, S.A. (RTG)	Si			
Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital de Risco, S.A. (XESGALICIA)	Si			
Parque Tecnolóxico de Galicia TECNOPOLE	Si			
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA)	Si			
Estación de Inverno de Manzaneda, S.A.				
Sotavento Galicia, S.A.				
Galioil, S.A.				
Sociedade Anónima Xestora Bantegal				
Adiante 2000, Fondo de Capital Riesgo				

As sociedades Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. Xestión Centro de Supercomputación de Galicia e a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia atópanse en proceso de liquidación.

Tampouco renderon as súas contas en 2012 os seguintes fondos sen personalidade xurídica xestionados por Xesgalicia:

**Cadro 6: Relación de Fondos que non renderon as súas contas**

Fondo de Capital Risco Emprendente
Fondo de Capital Risco Adiante 2000
Fondo de Capital Risco Xes-Innova
Fondo de Capital Risco Xes-Impulsa Ferrol
Fondo de Capital Risco Xes-Posibilita
Fondo de Capital Risco, Fondo Tecnolóxico I2C

### **III.6. FUNDACIÓNS PÚBLICAS AUTONÓMICAS**

Segundo a LOFAXGA son fundacións do sector público autonómico aquelas nas que conorra algunha das circunstancias seguintes: a) sexan constituídas por achegas maioritarias da Comunidade ou das súas entidades dependentes; b) o seu patrimonio fundacional con carácter de permanencia estea formado en máis dun 50% por bens ou dereitos achegados ou cedidos pola Administración Xeral ou as súas entidades dependentes ou c) sexan financiadas maioritariamente con cargo aos orzamentos da Comunidade sempre que, neste caso, esta controle os órganos de goberno. As fundacións para o desenvolvemento das comarcas extinguiron durante o exercicio 2012.



No seguinte cadro amósase o estado de rendición de contas por parte das fundacións públicas autonómicas:

**Cadro 7: Relación de Fundacións**

FUNDACIÓNS PÚBLICAS				
Fundación	Integradas na Conta Xeral	Datos da rendición		
		En prazo	Fóra de prazo	Non rende
Fundación Cidade Cultura	Si			
F.P. Instituto Galego de Oftalmoloxía	Si			
F.P. Escola Galega de Administración Sanitaria	Si			
F.P. Urxencias Sanitarias de Galicia-061	Si			
F.P. Centro de Transfusión de Galicia	Si			
F.P. Galega de Medicina Xenómica	Si			
Centro Tecnolóxico da Carne	Si			
Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	Si			
Deporte Galego	Si			
Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia	Si			
F. de Exposicións e Congresos de A Estrada	Si			
Axencia Humanitaria de Galicia	Si			
F. Rof Codina	Si			
F. de Feiras e Exposicións de Lugo	Si			
F. de Feiras e Exposicións de Ourense	Si			
F. Instituto Feiral de Vigo	Si			
Centro Tecnolóxico do Mar	Non			
F. Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia ( FUNGA)	Non			
F. Semana Verde de Galicia	Non			
Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño	Non			
F. Galicia Europa	Non			
Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña				
F. Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia				
F. Illa de San Simón				
F. Instituto Feiral da Coruña				
F. Galicia América				
F. Galicia Saúde				
Instituto Galego de Cooperación Iberoamericana ( IGACI)				
Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia				
Vigo Convention Bureau				
Fundación Dieta Atlántica				
F. Galega de Formación para o Traballo				
Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal				
Centro Tecnolóxico e Agroalimentario de Lugo (CETAL)				
F. Sotavento Galicia				
Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient)				
Aquee Quernennae - Vía Nova				
Fundación Camilo José Cela				

Por outra banda, tampouco consta a rendición das contas das fundacións de investigación dos centros hospitalarios que segundo os informes elaborados por este Consello deben ter a consideración de fundacións públicas autonómicas.

#### **IV. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS E OS SEUS ENTES DEPENDENTES**

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu artigo 81.5 a obriga de rendición das contas das universidades ante o órgano fiscalizador das contas da comunidade autónoma, sen prexuízo das competencias do Tribunal de Cuentas. Para dar cumprimento a esta obriga as Universidades de A Coruña, Santiago e Vigo presentaron en prazo as súas contas.

As Universidades galegas forman as súas contas anuais en base aos principios contables e normas de valoración e clasificación establecidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. Porén a Universidade da Coruña só achega o estado da liquidación do orzamento, sen render os restantes estados que conforman as contas anuais. Pola súa parte as Memorias formuladas polas Universidades de Santiago e Vigo, non recollen tódolos aspectos esixidos polo PCXPG ou non inclúen toda a información necesaria que permita dar cumprimento ao cometido da memoria como estado que amplía, completa e comenta información contida nos demais estados que forman as contas anuais.

Ademais das Universidades e de acordo co artigo 84 da Lei 6/2001 Orgánica de Universidades, os entes dependentes das mesmas quedan sometidos á mesma obriga de rendición das súas contas. A estes efectos serán entes dependentes das universidades aqueles nos que teñan participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente. Os seguintes entes dependentes das Universidades recollidos no inventario de entes dependentes das Comunidades Autónomas non renderon contas ao Consello de contas:

##### **Cadro 8: Relación de entes dependentes das Universidades que non renderon contas**

<b>FUNDACIÓNS</b>
Fundación Universidade de A Coruña
Fundación USC Deportiva
<b>CONSORCIOS</b>
Consortio Parque Científico-Tecnolóxico Universitario de Galicia
<b>SOCIEDADES</b>
Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A.
Cursos Internacionais Universitarios Santiago de Compostela, S.A.
Sociedade Xestora de Intereses Universitarios de Santiago de Compostela, S.L.
Sociedade de Promoción de Iniciativas Innovadoras, S.L.
Ciudad Universitaria S.A.





## V. A RENDIÇÃO DAS CONTAS DAS RESTANTES ENTIDADES

### V.1. CÁMARAS DE COMERCIO

No seguinte cadro amósase o cumprimento da obriga de rendición de contas das cámaras de comercio:

Cadro 9: Relación de Cámaras de Comercio

CÁMARAS DE COMERCIO				
Cámara	Integradas na Conta Xeral	Datos da rendición		
		En prazo	Fóra de prazo	Non rende
A Coruña	Non			
Ourense	Non			
Pontevedra	Non			
Santiago	Non			
Tui	Non			
Vigo	Non			
Vilagarcía de Arousa	Non			
Consello Galego de Cámaras	Non			
Ferrol	Non			
Lugo	Non			

### V.2 CONFRARÍAS DE PESCADORES

No seguinte cadro amósase o cumprimento da obriga de rendición de contas das confrarías de pescadores e das federacións provinciais das confrarías que renderon as súas contas de xeito directo:

Cadro 10: Relación de Confrarías de Pescadores

CONFRARÍAS DE PESCADORES	EN PRAZO	FÓRA DE PRAZO
<b>A CORUÑA</b>		
Aguiño-Carreira		
Ares		
Barallobre-Fene		
Barqueiro O-Bares		
Cabo de Cruz		
Caión		
Camariñas		
Camelle		
Cariño		
Cedeira		
Corcubión		
Corme		
Coruña A		
Espasante		
Ferrol		
Fisterra		
Laxe		
Lira-Carnota		
Lorbé		
Malpica		
Mera		
Miño		
Mugardos		
Muros		
Muxía		
Noia		
Palmeira		
Pindo O-Carnota		
Pobra do Caramiñal		
Pontedeume		
Porto Son		
Portosín		
Rianxo		
Ribeira		
Sada		
Federación Galega de Confrarías		
Federación Provincial A Coruña		

CONFRARIAS DE PESCADORES	EN PRAZO	FÓRA DE PRAZO
<b>LUGO</b>		
Burela		
Celeiro		
Foz		
Ribadeo		
San Cibrao		
Vicedo O		
Federación Provincial Lugo		
<b>PONTEVEDRA</b>		
Aldán-Hio		
Arcade		
Baiona		
Bueu		
Cambados		
Campelo Lonxa A.I.E. (Poio)		
Cangas do Morrazo		
Carril		
Grove O		
Garda A		
Illa de Arousa		
Lourizán		
Marín		
Moaña		
Pontevedra		
Portonovo		
Raxó-Poio		
Sanxenxo		
Vigo		
Vilanova		
Vilaboa		
Vilaxoan		
Federación Provincial Pontevedra		

As confrarías que non renderon contas son as seguintes:

**Cadro 11: Relación de Confrarías de Pescadores que non renderon as súas contas**

PONTEVEDRA
Redondela

### **V.3. OUTRAS ENTIDADES**

Respecto a outras entidades sometidas a obriga de rendición cómpre sinalar que non foron rendidas as contas dos consellos reguladores das denominacións xeográficas do sector alimentario que teñen a consideración de corporacións de dereito público sometidas ao control do Consello de Contas.

## **VI. ANEXO DAS CONTAS RENDIDAS**

No enderezo electrónico <http://www.ccontasgalicia.es/>, atópase un resumo das contas rendidas en 2013 correspondentes ao exercicio 2012.



DILIXENCIA:

Para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia na súa sesión do día 8 de outubro de 2014.

Santiago de Compostela, a 24 de outubro de 2014.

O Secretario Xeral,

Asdo.: Juan Manuel Rodríguez Rodríguez

Consello de Contas de Galicia  
SECRETARIO XERAL